

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

5378 Orde ESS/822/2014, do 19 de maio, pola que se ditan normas para a aplicación do disposto no artigo 11 do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica.

O Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica, establece no seu artigo 11, xunto con outras medidas de carácter laboral, exencións e moratorias no pagamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, co alcance e coas condicións nel sinalados.

Co obxecto de asegurar a efectiva aplicación das ditas exencións e moratorias, así como para unificar criterios na súa posta en práctica, faise necesario ditar as oportunas normas ao respecto, finalidade a que responde esta orde.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas na disposición derradeira terceira do citado Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, que faculta os titulares dos departamentos ministeriais por el afectados, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar as disposicións necesarias e establecer os prazos para a execución das súas medidas.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Exención no pagamento de cotas.*

1. A exención no pagamento de cotas prevista no artigo 11.1 do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados, nos dous primeiros meses de 2014, polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica, que concederá a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, comprenderá as cotas da Seguridade Social, incluídas as achegas empresariais e as dos seus traballadores, tanto por continxencias comúns como por continxencias profesionais, e as correspondentes aos conceptos de recadación conxunta con aquelas.

A exención aplicarase mentres dure o período de suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo a que se refire o artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, considerándose o dito período como efectivamente cotizado polo traballador para todos os efectos.

2. En caso de suspensión do contrato de traballo, a exención será do 100 por 100 e, no suposto de redución temporal da xornada de traballo, será proporcional á dita redución.

Artigo 2. *Moratoria no pagamento de cotas.*

A moratoria de ata un ano sen xuro no pagamento de cotas, que concederá a Tesouraría Xeral da Seguridade Social conforme o previsto no artigo 11.2 do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, comprenderá as achegas empresariais á cotización á Seguridade Social e as cotas dos traballadores por conta propia, en ambos os casos, tanto por continxencias comúns como por continxencias profesionais, así como as cotas por cesamento de actividade e por conceptos de recadación conxunta, correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior á produción do sinistro ou, no caso de traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

O prazo de ata un ano das moratorias concedidas computarase a partir do día do inicio do prazo regulamentario de ingreso das cotas de que se trate.

Artigo 3. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de exención e moratoria no pagamento de cotas poderanse presentar nas direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou nas administracións da Seguridade Social delas dependentes correspondentes ás provincias afectadas polo sinistro; nas delegacións ou subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas e provincias afectadas, así como en calquera outro dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a súa remisión ao órgano competente co fin de que acorde a concesión ou denegación da exención, previsto no artigo 4.1.

As solicitudes de exención no pagamento de cotas tamén se poderán presentar perante a autoridade laboral ante a cal se siga o procedemento de constatación da existencia de forza maior regulado no artigo 51.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Non obstante o indicado nos parágrafos anteriores, os empresarios que teñan autorizada a xestión centralizada de determinados trámites relacionados coa cotización e coa recadación deberán formalizar as súas solicitudes, en todo caso, perante a Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou a Administración da Seguridade Social en que estea autorizada a dita xestión centralizada.

2. O prazo de presentación das solicitudes de exención e moratoria no pagamento de cotas será o dos tres meses seguintes ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado».

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Para a exención no pagamento de cotas, da resolución da autoridade laboral recaída no procedemento seguido para o efecto, en que se constate a existencia de forza maior como causa directa dos danos producidos e da perda de actividade nos sectores a que se refire o artigo 11.1 do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, como consecuencia das tormentas acaecidas, así como da documentación correspondente á decisión da empresa sobre a suspensión dos contratos de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo, conforme a dita resolución da autoridade laboral.

b) Para a moratoria no pagamento de cotas, da documentación acreditativa dos danos sufridos ou da perda de actividade deles derivada, expedida para tal efecto polo respectivo concello, polo órgano autonómico competente ou polos delegados ou subdelegados do Goberno nas provincias das comunidades autónomas afectadas, en que se acrediten os danos ou a perda de actividade e a situación das empresas ou explotacións afectadas ou o lugar en que se desempeña a actividade.

Para os mesmos efectos, tamén se poderá achegar certificado da capitanía marítima acreditativo do cesamento de actividade da embarcación, resolución favorable da autoridade laboral no procedemento de constatación de forza maior, regulado no artigo 51.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou resolución ou comunicación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou, se é o caso, da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA), en que conste a condición de beneficiario das indemnizacións outorgadas en relación cos danos causados polas tormentas de vento e mar acaecidas nos meses e lugares a que se refiren o artigo 1.1 do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, e a Orde INT/701/2014, do 25 de abril, no anexo I da cal se determinan os termos municipais e os núcleos de poboación a que resultan de aplicación as medidas establecidas no artigo 11 do citado real decreto lei.

No suposto de empresas, a documentación antes indicada terá carácter individualizado para cada unha delas.

Artigo 4. *Resolución das solicitudes.*

1. A concesión ou a denegación da exención e moratoria reguladas nesta orde será acordada polos titulares das administracións da Seguridade Social correspondentes ás provincias afectadas polo sinistro.

2. A resolución deberase ditar e notificar dentro dos tres meses seguintes á data en que a solicitude tivese entrada no rexistro das administracións da Seguridade Social competentes para a súa tramitación e concesión ou denegación.

Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución, a solicitude poderase entender desestimada por silencio administrativo, de conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo quinta.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

3. A resolución non poñerá fin á vía administrativa e poderase impugnar na forma, prazos e demais condicións establecidos no capítulo II do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 5. *Transmisión de liquidacións ou presentación de documentos de cotización.*

De non telo feito con anterioridade, de forma simultánea ás solicitudes de exención ou moratoria transmitíranse as liquidacións ou presentaríanse os documentos de cotización correspondentes aos meses previos á súa concesión, aínda que non se ingresen as cotas respectivas, se é o caso.

Os solicitantes aos cales se lles concedese a exención ou moratoria virán obrigados, non obstante esta, a transmitir as liquidacións de cotas ou a presentar os documentos de cotización correspondentes a períodos posteriores á dita concesión, na mesma forma e prazos establecidos con carácter xeral, aínda cando non ingresen as cotas. Na súa falta, a exención ou moratoria quedará sen efecto desde a data en que se debeu efectuar a transmisión ou a presentación de documentos.

Artigo 6. *Devolución de cotas xa ingresadas.*

As cotas xa ingresadas que sexan obxecto da exención ou moratoria a que se refire esta orde, incluídos, se é o caso, unicamente as recargas, os xuros de demora e as custas que se satisfixeran, serán devoltas por petición dos interesados, formulada xunto coa solicitude de concesión daquelas e, en todo caso, dentro do prazo establecido no artigo 3.2. Para tal efecto, deberán xuntarse os documentos acreditativos do seu pagamento.

Se no prazo sinalado non se solicita a devolución das ditas cotas, presumirase que se renuncia ao período de exención ou moratoria a que estas se refiran.

Se o que ten dereito á devolución é debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos ou por outros recursos do sistema, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento das débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do seu dereito a solicitar aprazamento de todas as cotas pendentes que, deste modo, non sexan compensadas, nos termos do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Disposición adicional única. *Aplicación a socios traballadores e de traballo de cooperativas.*

Nas referencias feitas por esta orde aos traballadores por conta allea e aos traballadores por conta propia ou autónomos entenderanse incluídos, respectivamente, os socios traballadores e de traballo das cooperativas encadrados como traballadores por conta allea e os socios traballadores de cooperativas encadrados como traballadores por conta propia, no respectivo réxime da Seguridade Social.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de maio de 2014.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.